

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE DELEGA A SINATURA NO CASO DE VACANCIA, AUSENCIA OU ENFERMIDADE DO SECRETARIO XERAL NA VICESECRETARIA XERAL TÉCNICA NAS FACULTADES QUE LLE COMPETEN COMO FEDATARIO DA UNIVERSIDADE.

O artigo 62 dos Estatutos da Universidade de Vigo dispón que lle corresponde ao Secretario ou Secretaria Xeral *“redactar a acta dos acordos adoptados polos órganos colexiados nos que actúe como tal, así como dar fe do resto de actuacións que coñeza por motivo do seu cargo”*.

O artigo 12 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, dispón que os titulares dos órganos administrativos poderán, en materias da súa competencia, que ostente, ben por atribución, ben por delegación de competencias, delegar a sinatura das súas resolucións e actos administrativos dos titulares dos órganos ou unidades administrativas que deles dependan.

Dado que se fai necesario fixar o órgano no que se debe delegar a sinatura no exercicio das funcións de fedatario nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade do Secretario Xeral,

ESTA REITORÍA, en uso das atribucións que lle confire o artigo 58 dos devanditos estatutos, RESOLVE que, concorrendo as circunstancias anteriormente expostas, se delegue a sinatura do Secretario Xeral na Vicesecretaría Xeral Técnica da Universidade de Vigo.

Vigo, 13 de setembro de 2018

O REITOR



Manuel J. Reigosa Roger